AGADEA ALZHEIMER

Asociación galega de axuda aos enfermos con demencia tipo Alzhéimer

2020 Memoria de actividades



AUTORES:

Noelia Riaño Lueiro
Psicóloga C. Día Ribeira

Lucía Fandiño Viqueira
Traballadora Social

Sonia Castro Aboy
Traballadora Social

Iria Piñeiro Silva
Terapeuta Ocupacional

Ana Sánchez Míguez
Terapeuta Ocupacional C. Día Ribeira

leonardo Cruañes López
Fisioterapeuta

Adriana Curros Amboage
Fisioterapeuta C. Día Ribeira

Alba Felpete López
Psicóloga

Laura Rodríguez Bouza
Educadora Social

Alba García Fariña
Terapeuta Ocupacional

Sara Trillo Díaz
Logopeda

Rosa María Rodríguez García
Xornalista

ÍNDICE

I QUEN SOMOS Pax.3
1.1 A asociación
1.2 Xunta directiva
1.3 Fitos de AGADEA
1.4 Ámbito de actuación
1.5 Socios
1.6 AGADEA en cifras

II. PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO ESTADO DE ALARMA Pax. 8
2.1 Creación dunha rede de apoio
2.2 Novos servizos: Estimulación Cognitiva a domicilio

III. SERVIZO DE PREVENCIÓN Pax. 11
3.1 Envellecemento activo
3.2 ACTIVA-T
3.3 Cultiva o Corpo

IV. SERVIZO DE ESTIMULACIÓN TERAPÉUTICA Pax. 16
4.1 Area de Influencia
4.2 Actividades dos servizo de estimulación

V. CENTROS DE DÍA Pax. 19
5. 1 Centro de día Alzhéimer de Ribeira
5.2 Centro de día de alzhéimer da Estrada
5.3 Centro de día de Salgueiriños-Santiago

VI. SERVIZO DE TRANSPORTE Pax. 35

VII. SERVIZO DE INTERVENCIÓN CON FAMILIARES Pax. 36
7.1 Programa de información, valoración e orientación
7.2 Programa de asesoramento xurídico
7.3 Programa de atención psicolóxica
7.4 Grupo de Axuda Mutua e Escola de familias

VIII. SERVIZO DE FORMACIÓN Pax. 38

IX. SERVIZO DE SENSIBILIZACIÓN Pax. 39

X. SERVIZO DE VOLUNTARIADO E PRÁCTICAS Pax. 46

XI. AXUDAS E ENTIDADES COLABORADORAS Pax. 47

XII. DIRECCIÓNS E CONTACTOS Pax. 49

I Quen somos

1.1 A ASOCIACIÓN

O 25 de marzo do 1994 nace en Santiago de Compostela a primeira Asociación Galega de Axuda aos Enfermos con Demencia Tipo Azlhéimer (AGADEA). Somos unha entidade sen ánimo de lucro formada por persoas usuarias, familiares, profesionais e voluntarios que traballan por mellorar a calidade de vida dos afectados (enfermos e coidadores) pola doenza de Alzheimer e doutras demencias. Para lograr estos obxectivos, ofrecemos recursos, servizos e actividades que cubren as necesidades que van xurdindo nas diferentes etapas.

MISIÓN

A asociación ten como misión principal impulsar a atención integral e especializada das persoas con demencia mediante a planificación, organización e coordinación de programas e servizos de apoio mediante a atención das súas necesidades e das súas familias.

VALORES

O valores polos que se rexe a asociación son a solidariedade como base do traballo, a empatía de cara ás persoas enfermas e ós seus familiares, a ética profesional, e a coherencia e o compromiso entre as actividades e os fins estatutarios.

FINS

Prestar asistencia psicolóxica, asesorar aos familiares, difundir nos medios de comunicación, facilitar, mellorar e controlar a asistencia ás persoas para incrementar a súa calidade de vida o máximo posible, estimular estudos sobre a enfermidade, promover accións para atender ás familias coidadoras de persoas cunha demencia neurodexenerativa en todos os aspectos que estas enfermidade afectan.

OBXECTIVOS

- Conseguir unha participación do 70% dos/as usuarios/as no taller.
- Conseguir que un 80% dos 20 taller programados funcionen.
- Mellorar algúns dos síntomas psicopatolóxicos da enfermidade: apatía, angustia, depresión...
- Mellorar o proceso de información a usuarios e/ou familias.

1.2 XUNTA DIRECTIVA

A elección da xunta directiva fíxose o 16 de Maio do ano 2009 mediante Asemblea Xeral Ordinaria. Foi elixida Dona Mª Isabel Gey Pérez como presidenta de AGADEA sendo nomeados tamén os demais membros da xunta directiva. O mércores 16 de Setembro de 2020 Agadea convocou a todos os socios/as da entidade á Asamblea Xeral Ordinaria na que se presentou a memoria de actividades e balance económico do ano 2019 e se fixaron as liñas de traballo para o ano 2021. A composición actual da Xunta directiva é:

Presidenta: Mª Isabel Gey Pérez.

Tesoureiro: Pablo Mirás Sánchez.

Secretaria: Mª Beatriz Vilas Novás

Vogais
Ramiro Sánchez López,
Jesús Filloy Caramés
José María Lois Lois.

1.2 ORGANIGRAMA

AGADEA conta cos seguintes profesionais e está estruturada así:



1.3 FITOS NA HISTORIA DE AGADEA

A Asociación Galega de Axuda aos Enfermos con Demencias tipo Alzhéimer nace no 1994 prestando servizo de apoia a persoas coas doenza e familiares.

- No ano 2010 asume a xestión do Centro de Día de Atención especializada para enfermos de Alzhéimer de Ribeira, tras a sinatura dun contrato de Xestión de Servizo Público, en réxime de concesión.

- No ano 2015 implántase o "Servizo Específico de Estimulación Terapéutica", no Concello de A Estrada no Edificio Novo Mercado en horario de 16:00 a 20:00.

- No 2015 en decembro inaugúrase este mesmo servizo no Concello de Ribeira, na Avenida do Malecón Nº22. En horario de 15:00 a 19:00 horas.

- O 01 de maio de 2016, AGADEA resulta concesionaria da Xestión en réxime de concesión dos Servizos de Atención Diúrna para persoas con Alzhéimer e outras Demencias en Ribeira.



- En febreiro do 2017, AGADEA inaugura Un Espazo para a Memoria na rúa Diego de Muros Nº11, que ofrece o "Servizo Específico de Estimulación Terapéutica" en horario de 16:00 a 20:00 horas, e o "Servizo de Activa - T" os luns, mércores e venres de 10:00 a 12:00 horas.

- Durante o 2018, ábrese os servizos de estimulación integral no Concello de Vedra, no Centro Sociocultural, na Av. Mestre Manuel Gómez Lorenzo nº 41 en O Burgo, en horario de 10:00 a 13:00 de luns a venres.

- No 2019, prodúcese a apertura do Servizo Específico de Estimulación Terapéutica no Concello de Teo, na Casa Común de Cacheiras e do Centro de Día de persoas maiores da Estrada no Edificio Novo Mercado en horario de 09:00 a 19:00 horas.

- O 01 de outubro de 2019 abre en Boiro o Servizo de Estimulación Terapéutica, grazas ao convenio firmado con Caixabank e o Concello de Boiro. Este servizo abre os luns, mércores e venres en horario de 15.30h a 18.30h, na rúa Praia Xardín, Espadañal (As Colonias).

- O 3 de febreiro de 2020 abre em Santiago de Compostela o Centro de día Salgueiriños, o primeiro centro de día AGADEA na capital de Galicia.

1.4 ÁMBITO DE ACTUACIÓN

AGADEA ten a súa sede e oficinas no concello de Santiago de Compostela, na Rúa dos Salgueiriños de Abaixo Nº 15 Baixo 15704 e ten centros en tres comarcas de Galicia.

Centros de AGADEA en Galicia

528 familias atendidas

Comarca de Santiago: Santiago de Compostela, Vedra e Teo
Comarca da Barbanza: Ribeira e Boiro
Comarca de Tabeirós-Terra de Montes: A Estrada

SERVIZOS ESTIMULACIÓN	CENTROS DE DÍA
SALGUEIRIÑOS	CENTRO DE DÍA A ESTRADA
ENSANCHE	CENTRO DE DÍA SANTIAGO
TEO	CENTRO DE DÍA RIBEIRA
VEDRA	
A ESTRADA	
BOIRO	
RIBEIRA	

Centro de día Salgueiriños: Rexistro Sanitario: C-15-004336

Servizo de Estimulación do Ensanche: Rexistro Sanitario: C-15-004150

Sede de Agadea Alzheimer: Rexistro Sanitario: C-15-003510

Centro de día de Alzheimer de Ribeira: Rexistro Sanitario: C-15-002952

1.5 SOCIOS

AGADEA conta cun total de **360 persoas socias no ano 2020**, dos cales a mayoría delas teñen relación directa coa asociación (usuarios/as, coidadores/as principais e familiares) aínda que existe unha porcentaxe moi baixa que teñen relación indirecta (antigos socios, persoas alleas ó centro, etc.). Para ser socio de AGADEA pódese acudir a Asociación ou ben dende a páxina web da mesma, e encher un folleto cos datos persoais requiridos e aboar a cantidade mínima (50€/ano). Asemade, pódense realizar donativos.

As vantaxes de ser socio son: póndense obter préstamos de axudas técnicas suxeito a dispoñibilidade, atención xurídica gratuíta na primeira consulta e aplicación dunha tarifa reducida para consultas posteriores, tamén servizo de fisioterapia con aplicación de tarifa reducida nas consultas e servizos de podoloxía con aplicación de tarifa reducida nas consultas.

1.6 A CIFRAS DE AGADEA 2020

Número de familias atendidas.....528 familias

Servizo de Estimulación Terapeútica..... 193 persoas

Centros de día.....86 persoas

Programas de prevención

Envellecemento Activo.....134 persoas

Cultiva o corpo.....70 persoas

Activa-T.....29 persoas

Atención ás familias

Escola de familias.....16 persoas

Atención psicolóxica.....9 persoas

Atención xurídica.....10 persoas

Outros.Transporte.....80 persoas

Socios.....360 persoas

Voluntarios.....15 persoas

Número de traballadoras.....45 persoas



II. Estado de alarma

2.1 CREACIÓN DUNHA REDE DE APOIO

Durante os meses de confinamento por mor do coronavirus AGADEA puxo en marcha unha rede de apoio as persoas usuarias e as súas familias. Dende o primeiro momento as técnicas da nosa entidade visitaron os domicilios realizando estimulación cognitiva, apoio psicolóxico e fisioterapia.

O equipo técnico dos nosos centros estivo en contacto telefónico coas familias atendendo todas as súas dúbidas e realizando un seguimento online. Por outra banda ofreceuse dossiers de material de estimulación cognitiva totalmente personalizados segundo as necesidades de cada persoa usuaria. Este material entregouse por correo electrónico e mesmos porta a porta, cando así o solicitaban.

4451

INTERVENCIÓNS

*Datos recollidos entre o 13 de marzo e 20 de xullo, ao abrir os centros



Número de intervencións	Santiago			Ribeira	A Estrada	Vedra	Boiro	Teo	TOTAL
Intervencións a domicilio	324			338	183	40			885
Intervencións fisioterapia a domicilio	1			159					160
Intervencións vía telefónica	1400			1021	505	120	58		3104
Intervencións vía correo electrónico	21			35	6		4		66
Intervencións videoconferencias				26	3				29
Intervencións individuais en centro	99			97			11		207

Relación do número de intervención levadas a cabo en cada localidade onde Agadea ten Centros durante o peche dos mesmos debido á crise sanitaria pola Covid-19.

Número de persoas e familias	Santiago	Ribeira	A Estrada	Vedra	Boiro	Teo	TOTAL
Persoas usuarias atendidas no domicilio	28	29	18	5			80
Familias seguimento telefónico	132	72	39	12	9	7	271

Relación do número de persoas usuarias e familias atendidas en cada localidade onde Agadea ten Centros durante o peche dos mesmos debido á crise sanitaria pola Covid-19.

OBXECTIVOS XERAIS

- Dar apoio e soporte ás persoas usuarias dos servizos e ás súas familias.
- Fomentar a autonomía e independencia das persoas usuarias, así como, o benestar e calidade de vida das mesmas e das súas familias.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Manter a relación terapéutica coas familias e as persoas usuarias.
- Proporcionar información sobre a situación, as medidas hixiénico-sanitarias e os recursos sociais existentes.
- Facilitar ás persoas coidadoras a xestión das alteracións condutuais das persoas usuarias.
- Preservar as capacidades físicas e cognitivas das persoas usuarias.

RESULTADOS:

- As intervencións tiveron unha boa aceptación por parte das familias e das persoas usuarias.
- As intervencións no domicilio e as individuais no centro serviron como respiro familiar durante a duración das mesmas.
- Observouse un mantemento da independencia e autonomía nas actividades da vida diaria, así como, das capacidades físicas e cognitivas.

2.2 CREACIÓN DE NOVOS SERVIZOS

A situación de alerta sanitaria incide directamente sobre a entidade, que en ningún momento deixou de prestar servizo pero si tivo que adaptarse a nova situación que obrigou a:

REINVENTARNOS e incorporar cambios disruptivos

Adecuarnos a unha sociedade máis DIXITAL e innovadora

Entender que TELEMEDICINA veu para quedarse

Ser capaces de cancelar, posponer, RESITUAR

Os CENTROS deben alterar as prácticas e espazos

IMPACTO sobre a asistencia os servizos

O sistema de DEPENDENCIA está comprometido

Temos que identificar PRIORIDADES a corto prazo

Aprendizaxes e MELLORAS, día a día



Así créase o NOVO SERVIZO DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA A DOMICILIO

A Estimulación a domicilio vai dirixida a aquelas persoas que desexan previr unha deterioración cognitiva e non desexan ou non poden desprazarse ao Centro de terapias. O fomento da autonomía é o noso obxectivo co que se consegue unha mellor calidade de vida da persoa.

Estimulación Cognitiva a domicilio
6 altas
Servicios de Atención no Fogar (S.A.F)
1 alta

III Servizos de Prevención

Gran parte das persoas que se atopan na idade adulta viven un envellecemento normal, e non todas coñecen os incstrumentos para vivir os anosde vellez satisfacendo as necesidades sociais, intelectuais e afectivas, é decir, con óptima calidade de vida. É a tomo de conciencia, a que vai posibilitar que as persoas maiores inicien acción temperás tendentes á estimulación cognitiva, a potenciación e a exercitación da memoria, mediante a participación activa en dese proceso. AGADEA desenvolve tres programas de prevención:

Envellecemento activo

Actívate-T

Cultiva o corpo

3.1 ENVELLECEMENTO ACTIVO

Dende AGADEA levamos a cabo os obradoiros de estimulación cognitiva e de memoria baseados nun modelo de intervención funcional nos que se recoñece os cambios polos que transita unha persoa en idade adulta, ao mesmo tempo que aquelas capacidades que posúe, procurando manter ou incluso recuperar unha eficiencia mental compatible cunha vida persoal e social activa, como a que deben levar adiante as persoas adultas maiores.

Algúns dos contidos que se trataron durante os talleres de envellecemento activo son os seguintes:

- O envellecemento activo. Cómo envellecer saudablemente.
- A comunicación nas persoas maiores.
- Estado afectivo nas persoas maiores.
- Cambios cognitivos no envellecemento normal

Total de participantes

134 persoas

Horas impartidas

4699,5 horas

Profesionais Implicados. O programa de envellecemento activo foi coordinado e impartido polas psicólogas da asociación.

Poboación a que vai dirixido. Este proxecto está dirixido a persoas maiores de 60 anos, que non sufran deterioro cognitivo e que estean interesadas en previr a perda de memoria ou outras capacidades intelectuais coma consecuencia do envellecemento.

Temporalización. Este programa levouse a cabo dende outubro de 2019 ata marzo de 2020, momento no que tivo que ser interrompido por mor da declaración do estado de alarma (Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo) con motivo da pandemia da COVID-19. As sesións semanais, dunha hora e media de duración, desenvolvianse en Santiago, Ribeira, A Estrada, Vilar de Calo, Arnois, Riobó e Vedra, San Xulián

Luns	Martes	Mércores	Xoves
Ribeira (10:30-12:00)	O Ensanche (16:30-18:00) (18:00-19:30) (19:30-21:00)	Ribeira (10:00-11:30) (11:30-13:00)	Vedra (17:00-18:30)
A Estrada (16:00-17:30)		Riobó (16:00-17:30)	
		Arnois (18:00-19:00)	San Andrés de Vea (19:00-20:30)
Vilar de Calo (18:30-20:00)		San Xulián de Vea (19:30-20:30)	

Horarios e grupos de Envellecemento Activo de xaneiro a marzo de 2020

O programa reiniciouse en outubro de 2020, pero debido ás restriccións existentes só foi posible levalo a cabo de xeito presencial nos concellos de A Estrada, Vedra e Santiago de Compostela.

Mércores	Xoves	Venres
A Estrada (16:00 – 17:30) (17:30 – 19:00)	Vedra (17:00 – 18:30) (18:30 – 20:00)	Santiago (16:30 – 18:00)

Horarios e grupos de Envellecemento Activo dende outubro de 2020

Os grupos presenciais combináronse coa realización de sesións de estimulación cognitiva a través das novas tecnoloxías. Por medio da plataforma NeuronUP, aqueles usuarios que dispoñen de Tablet ou ordenador e conexión a internet poden realizar actividades programadas de xeito personalizado dende o seu domicilio mediante as que se adestran as diferentes funcións cognitivas (atención, memoria, linguaxe, funcións executivas, etc.)

Avaliación. A reducción das localizacións nas que se desenvolve o programa implicou unha diminución no número de participantes, que pasou de 134 durante o primeiro trimestre do ano a 45 no último. Mentres en Ribeira rexistáronse 34 persoas

PROGRAMA ONLINE NEURONUP

Este programa de Envellecemento Activo online para entrenar as habilidades cognitivas, funcionais e sociais a través das novas tecnoloxías e dende a casa.

- Está dirixido pola psicóloga de AGADEA, Alba Felpete, quen diseña un programa de actividades totalmente personalizado as capacidades dos usuarios a través da plataforma NeuronUP.
- Para persoas maiores de 60 anos
- Necesidade de tablet ou ordenador e conexión a internet

ESTIMULA AS TÚAS CAPACIDADES DE FORMA CONTROLADA POR PROFESIONAIS. NÓS GUIÁMOSTE !!

ATENCIÓN DURANTE O PERIODO DE CONFINAMENTO DOMICILIARIO

A declaración do estado de alarma (Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo) con motivo da pandemia da COVID-19 supuxo un cambio en de tódalas actividades levadas a cabo dende a Asociación e a necesidade de utilizar outras canles de comunicación mediante ás que poder dar respostas ás necesidades das persoas usuarias.

As psicólogas encargadas do programa de Envellecemento Activo realizaron un seguemento telefónico do estado dos/as usuarios/a , co fin de evitar o illamento social, especialmente no caso daquelas persoas que viven soas, e de prestar soporte emocional na xestión dunha situación tan complexa como a que se estaba a vivir naquel momento. Así mesmo, ofreceuse apoio psicolóxico ás persoas coidadoras que presentaban dificultades no manexo do coidado dos seus familiares.

Á esquerda, sesión en Riobó, antes da Alerta Sanitaria. A dereita, sesión en Vedra, tras a alerta

3.2. ACTIVA-T

Activa-T concíbese como unha alternativa de atención dirixida ás persoas con Alzhéimer cuxa situación demanda unha atención en aras a previr situacións de dependencia máis graves e/ou potenciar, na medida que sexa posible, o grao de autonomía ou capacidade que posúen en cada momento as persoas destinatarias e lévase a cabo no Servizo de Estimulación Terapéutica do Ensanche, en Santiago de Compostela.

Total de participantes

29 persoas

O servizo conta coas seguintes prescricións:

Terapia de orientación á realidade (TOR).

Estimulación cognitiva (grupal e individual).

Actividades físicas (xerontoximnasia

Actividades de lecer e tempo libre

Saídas culturais

Poboación á que vai dirixido

Este servizo está destinado aos usuarios e usuarias da asociación que precisan previr situacións de dependencia máis graves e/ou potenciar o seu grao de autonomía.

Profesionais implicados

Este programa estivo dirixido pola Terapeuta Ocupacional e a Psicóloga, que se encargan de planificar e especificar as actividades mediante unha programación anual. En caso de ausencia, será o resto do persoal baixo supervisión do responsable nese momento e seguindo as pautas establecidas pola Terapeuta Ocupacional e a Psicóloga.

CONFINAMENTO. Durante o confinamento continuouse facendo un seguemento telefónico dos usuarios. Preparáronse actividades para as persoas que así o solicitaron tendo en conta tanto as súas capacidades cognitivas como a preferencia de usuarios e familias, medios dos que se dispoñían, etc. Todas as actividades enviabanse de forma telemática a través do correo electrónico. Posteriormente ao confinamento puidemos retomar a estimulación presencial de forma individual, levando a cabo sesións de 1h30 cos usuarios que así o solicitaron.

3. 3 CULTIVA O CORPO

O taller "Cultiva ou Corpo" vai dirixido fundamentalmente a persoas maiores de 60 anos sen deterioración cognitiva evidente que desexen ter un envellecemento activo e saudable a través do coñecemento do propio corpo, utilizando a práctica sistemática de exercicios físicos en grupo.

Realizamos a xerontoximnasia, é a actividade física dirixida a persoas da terceira idade. O obxectivo deste tipo destes exercicios para persoas maiores é promover a actividade deportiva e manter en bo estado a súa saúde física e mental, e á vez, mellorar as relacións sociais.

Entre as actividades realizadas destaca o taller sobre Hábitos e nutrición saúdable impartido pola dra. María del Rosario Monner Romero, especialista en Aparato Digestivo e Medicina Familiar e Comunitaria.

Santiago Salgueiriños
38 persoas

Santiago Ensanche
8 personas

Ribeira
19 persoas

A Estrada
5 persoas

Total 70 persoas

CONFINAMENTO. A partir del 13 de marzo de 2020, mántense o contacto coas persoas usuarias propóndolle actividades acordes a súa situación. En outubro de 2020 comenzan as clases de Cultiva o Corpo utilizando a través da aplicación Zoom, con tres participantes no Ensanche e nove en Salgueiriños.

IV. SERVIZOS DE ESTIMULACIÓN TERAPÉUTICA

O Servizo de Estimulación Terapéutica conta con distintas actividades que se realizan coa finalidade de mellorar a calidade de vida das persoas que sofren algún tipo de demencia neurodexenerativa, en especial as persoas que padecen a Alzhéimer.
Dentro do Servizo Específico de Estimulación Terapéutica ofértanse actividades como: terapias de Orientación a Realidade, actividades físicas, estimulación cognitiva, actividades lúdico-manipulativas e actividades extraordinarias e saídas culturais. As actividades prográmanse e establécense en función das capacidades cognitivas das persoas que conforman o grupo.

Grupo 1: Persoas con deterioro cognitivo leve. Realízanse actividades de orientación (calendario e lectura e debate de prensa), xerontoximnasia, estimulación cognitiva grupal, psicomotricidade, láminas de estimulación cognitiva individuais, laborterapia e actividades lúdicas.

Grupo 2: Persoas con deterioro cognitivo leve-moderado. Realízanse as mesmas actividades que no grupo 1, rebaixando o nivel de dificultade para adaptalo as persoas usuarias.

Grupo 3: Persoas con deterioro cognitivo moderado – moderado-grave. Realízase orientación temporal, espacial e persoal, xerontoximnasia básica, actividades de estimulación cognitiva grupal e individual básicas, empregando recursos que faciliten a tarefa como as actividades con pantalla; unha vez á semana prográmase actividade de cine, cunha proposta de películas sinxelas ou capítulos de serie curtos, principalmente de comedia e humor.

Área de influencia.

Santiago Ensanche 39 persoas	Santiago Salgueiriños 25 persoas	Ribeira 59 persoas	Vedra 18 persoas
Boiro 10 persoas	Cacheiras (Teo) 9 persoas	A Estrada 33 persoas	

ACTIVIDADES: Terapias de Orientación a Realidade (temporal, espacial persoal)
Actividades Físicas (xerontoximnasia e psicomotricidade)
Estimulación Cognitiva (grupal e individual)
Actividades Lúdico-Manipulativas
Programas interxeneracionais

RESUMO DAS PRINCIPAIS ACTIVIDADES DO 2020

1º TRIMESTRE (xaneiro, febreiro e ata o 13 de marzo)

- Laborterapia: confección libro recopilación de traballos de estimulación cognitiva.
- Agasallo de cumpreanos: confección dun marco de fotos elaborado con pinzas de madeira.
- Celebración do Entroido: laborterapia de disfraz e temática "os mariñeiros/as de Agadea".
- San Valentín: taller de laborterapia, confección de corazóns realizados con fieltro.
- Día da muller (8 de marzo): Cinefórum ca película "Mujercitas".
- Celebración do cambio de estación: talleres de laborterapia de primavera.

2º TRIMESTRE (abril, maio e xuño)

- Estimulación Cognitiva a Domicilio

3º TRIMESTRE (xullo, agosto e setembro)

- Taller de laborterapia: confección de pedras pintadas á man.
- Taller de laborterapia: confección dun debuxo abstracto pintado con garfos.
- Día do Avó: taller de laborterapia, elaboración duns gardamanteis con pinzas de madeira.
- Taller de laborterapia: elaboración de abanicos de cores.
- Celebración do cambio de estación: talleres de laborterapia coa temática do outono.
- Día Mundial do Alzheimer.

4º TRIMESTRE (outubro, novembro e decembro)

- Taller de laborterapia: elaboración dun photocall coa temática do Samaín.
- Celebración do Samaín: relatar mitos e lendas desta celebración.
- Campaña de sensibilización de Nadal cos establecementos comerciais de Ribeira, Santiago e A Estrada: elaboración de estrelas feitas con papel hixiénico e guirnaldas realizadas con pinzas de madeira.

- Día Internacional Contra a Violencia de Xénero: charla/debate sobre a importancia que contén este tema.
- Taller de laborterapia: realización de árbores de goma eva para a decoración do Nadal.
- Celebración do cambio de estación: talleres de laborterapia coa temática do inverno.

MEMORIA GRÁFICA

V. CENTROS DE DÍA

AGADEA conta con **tres centros de día, en Ribeira, A Estrada e en Santiago de Compostela**. Neste ano 2020, concretamente o 3 de febreiro, abriou o Centro de día Salgueiriños, en Santiago, que é o primeiro que a entidade ten na capital de Galicia. Entre os obxectivos xerais destes centros está a intervención, de ser o caso, na evolución da propia enfermidade (demencia), tratando de ralentizar, na medida do posible, o proceso normalizado de progresión da mesma e repercutir positivamente no incremento da calidade de vida. Por outra banda prestar especial atención ao contexto familiar, ofrecendo apoio, asesoramento e formación ante a problemática e sobrecarga derivada dos coidados.

Os seus equipos profesionais, en xeral, están compostos por: psicóloga, terapeuta ocupacional, fisioterapeuta, educadora social, traballadora social, auxiliar de enfermería. Ademais dos profesionais descritos, normalmente contan, de forma externalizada, cunha enfermeira, unha podóloga e unha perruqueira. Ademais dos servizos propios, contan con servizo de transporte, de xestión da medicación e de alimentación e nutrición.

<u>Obxectivos específicos dirixidos aos usuarios/as do Centro de Día:</u>

- Favorecer e rehabilitar o mantemento físico, a través da actividade física e psicomotriz.
- Realizar actividades cognitivas e funcionais recomendadas e adaptadas a cada unha das fases da evolución da enfermidade
- Promover que a persoa se manteña o maior tempo posible a súa autonomía persoal.
- Motivar e guiar ao/á usuario/a para que se interese por facer determinadas actividades que mobilicen as súas capacidades cognitivas e funcionais.
- Fomentar as relacións sociais dentro e fóra do centro.
- Previr e/ou tratar outros síntomas afectivos ou comportamentais que poden aparecer no desenvolvemento dunha demencia.
- Garantir o coidado persoal das persoas usuarias e o apoio preciso no desenvolvemento das actividades da vida diaria durante a súa estadía no Centro.

5.1 Centro de día de Alzhéimer Ribeira

Dende o 26 de xullo do ano 2010 AGADEA xestiona o Centro de Día de Alzhéimer e outras Demencias Neurodexenerativas de Ribeira (Rúa CardenalCisneros nº1, entrechán), cun total de 35 prazas, que foron adxudicadas a día 13 de abril de 2016, pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, tras a renovación da concesión dos servizos de atención diúrna a AGADEA. O Centro ten un horario de 8:00 a 20:00, de luns a venres, a apertura do local é de 09:00 a 19:00 horas.

O 12 de marzo do 2013 outorgouse a autorización Sanitaria de funcionamento, así como a acreditación de inscrición no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios co número C-15-002952 por parte da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

Dita acreditación respalda por parte da administración pública a oferta asistencial realizada no Centro:

Fisioterapia I Terapia Ocupacional I Psicoloxía sanitaria I Enfermaría I Podoloxía

O 10 de maio do 2013 Applus certificou que o sistema de calidade desenvolto por AGADEA no Cento de Día de Alzheimer de Ribeira, é conforme cos requisitos da norma ISO 9001:2008 para a xestión integral do Centro de Día para o coidado e atención de persoas usuarias afectadas por Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas.

Estas acreditacións consolidan e avalan a liña de traballo que AGADEA, a través do Centro de Día de Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas de Ribeira, dirixe ás persoas con algún tipo de demencia neurodexenerativa e ás súas familias na comarca do Barbanza.

Neste ano 2020 a tónica segue a ser a mesma e seguimos a manter os mesmos estándares de calidade así como os nosos esforzos para mellorar día tras día na nosa labor.

Ademais dos profesionais descritos, o Centro de día conta, de forma externalizada, cunha enfermeira, unha podóloga e unha perruqueira.

Durante o 2020

37 usuarios

Mantense o nivel de ocupaciónde 2019, tendo no Centro de Día vacantes ao longo de todo o ano, non só por causa dos períodos de tempo necesarios para a tramitación, tras a aparición dunha baixa, de novas altas e a posterior aceptación da praza e ingreso por parte dos/as novos/as usuarios/as, senón motivado pola non recepción de prazas por parte da Consellería, e o retraso actual na efectiva valoración de persoas interesadas no servizo.

Durante o ano 2020 producíronse 10 altas e 11 baixas. Os principais motivos de baixa foron: exitus, cambios de recurso a Centro Residencial ou SAF e renuncia voluntaria por agravamento do estado de saúde.

No ano 2020 a maioría dos usuarios e usuarias do C. D. A. de Ribeira procederon do Concello de Ribeira, seguidos dos concellos limítrofes como son o concello de A Pobra do Caramiñal e Porto do Son. Se atendemos ao xénero dos usuarios e usuarias, durante o 2020 a maioría dos/as usuarios/as foron mulleres con un 83.78% da ocupación. Mentres que os homes representarían o 16,21% da ocupación.

No que respecta ao grado de dependencia adxudicado polos órganos de valoración da Xunta de Galicia, iguálase o número de usuarios con grao III e II (45,94%), sendo os usuarios con menor presenza durante o 2020 os que posúen un grado I de dependencia (8.10%). O Centro mantivo unha ocupación media aproximada do 78%.

Programa de orientación á realidade

Realízase diariamente a primeira hora da mañá, consistindo principalmente en tres actividades: O Calendario, xornal e orientación temporal, espacial e persoal: orientada as persoas con un maior deterioro. Preténdese establecer unha conexión coa realidade orientándoos no tempo, espazo e na súa identidade persoal. Realízase mediante técnicas observacionais, tendo en conta se as persoas usuarias se favoreceron das actividades propostas neste programa.

Programa de estimulación cognitiva

As terapias de estimulación cognitivas realizadas no centro divídense en tres programas:

• Estimulación cognitiva individual: propóñense actividades adaptadas ás capacidades de cada persoa para poder realizalas de xeito individual. Principalmente selecciónanse láminas de estimulación cognitiva de diferentes áreas (láminas para traballar as gnosias, a atención, o cálculo, etc). Actualmente, por motivos relacionados coa Covid 19, non se realizan outro tipo de actividades aquí englobadas como puzles, ensartables ou outras actividades manipulativas co fin de evitar riscos.

• Estimulación cognitiva grupal: Cada día da semana plantéxase unha actividade coa cal se traballa unha área cognitiva diferente (linguaxe, cálculo, atención, gnosias, etc.) que se pretende resolver de maneira grupal. Así mesmo, propóñense tamén actividades relacionadas con algunha temática, como por exemplo actividades de reminiscencia relacionadas coas diferentes festividades do ano (nadal, antroido, semana santa, etc), actividades relacionadas co día do libro, co día da muller, día da paz, San Valentín, cambio de estación, etc.

• Estimulación cognitiva básica: estimulación de baixa dificultade dirixida a aqueles usuarios do centro cun deterioro cognitivo máis avanzado. O principal obxectivo é preservar o posible as capacidades residuais. Trátanse de actividades moi sinxelas totalmente adaptadas ás capacidades que preservan as persoas.

AVALIACIÓN. As capacidades cognitivas das persoas usuarias son avaliadas anualmente mediante probas estandarizadas.
A finalidade destas avaliacións é comprobar se os usuarios/as presentan algún cambio nas súas capacidades cognitivas (se melloran, se manteñen ou empeoran).
Cando se considera preciso, os profesionais que executan as actividades (individual, grupal, básica) comunican as dificultades que xurdiron na aplicación das mesmas, coa finalidade de mellorar e/ou adaptar as técnicas empregadas

Actividade física e fisioterapia

O programa de actividade física e fisioterapia do 2020 inclúe: xerontoximnasia, psicomotricidade, paseos, actividade física individual e tratamento de fisioterapia. Nestes tempos de COVID cobrou especial interese a realización de fisioterapia a domicilio.

1. AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS

1.1. Xerontoximnasia. Cada día participan úns 10 usuarios aproximadamente segundo o plan de actuación Agadea Covid19 mantendo en xeral un bo nivel de participación.

1.2. Psicomotricidade. Participan cada día uns 10 usuarios con diferente grao de capacidade. Obténse en xeral boa participación . As sesións programadas foron o máis variadas posibles, dentro dos recursos dispoñibles no Centro de día e o nivel de satisfacción dos usuarios.

1.3. Paseos Para promover a mobilidade e o exercicio físico adaptado ao grupo moderados paútase a realización de paseos pola sala segundo colaboración de cada usuario (apoio físico de unha ou dúas persoas).

- Avaliación: Positiva. Existe unha pauta para o persoal de atención directa na propia sala de moderados sobre a capacidade e colaboración do usuario para a realización desta actividade. Obténse maior colaboración de tódolos usuarios a pesar do deterioro cognitivo e una maior mobilidade física e cambios posturais a través dos paseos. Tamén conséguese un mantemento da bipedestación para usuarios que non son capaces de camiñar ou realizan unha marcha residual co que se preveñen complicacións asociadas á inmobilidade.

1.4. Tratamento de fisioterapia/ Domicilio.



Son tratamentos individualizados que a fisioterapeuta aplica aos usuarios pola súa patoloxía crónica ou aguda e que requiren da súa asistencia. En tempos de Covid as persoas tiveron que estar nas súas casas e sufriron consecuencias musculoesqueéticas xa que diminuiron considerablemente a súa actividade física. O obxetivo primordial e evitar o encamamento e complicacións físicofuncionales.

Poden ter distintos enfoques: preventivo para evitar as complicacións en usuarios inmobilizados, mantemento para reducir no posible o malestar xerado por diferentes procesos crónicos, e restablecemento para recuperar as capacidades perdidas , potenciando as habilidades da persoa e mellorando o estado funcional xeral para recuperar a autonomía persoal perxudicada por un proceso agudo ou pola reagudización dun proceso crónico.

- Avaliación: Moi positiva. Realizanse sesións de fisioterapia domiciliarias e actividades no propio domicilio o considerar a propio domicilio esceario de actuación. Resolvense ademais dúbidas de transferencias, mobilizacións o coidados sanitarios que teñen as familias realizándose apoio o coidador de maneira directa conseguindo unha atención de mais calidade.

5.2 Centro de día de persoas maiores do concello da Estrada

Dende o 18 de marzo do ano 2019 AGADEA (Asociación Galega para a Axuda dos Enfermos con Demencia tipo Alzhéimer) xestiona o Centro de Día para persoas maiores do concello de A Estrada, situado no Edificio do Novo Mercado, Rúa Waldo Álvarez Insua s/n 1ª planta. O centro conta cunha capacidade total de 20 prazas a xornada completa ou 40 a media xornada.

O horario habitual do centro é de 09:00 a 19:00, de luns a venres pero este ano, por mor da COVID-19 adaptamos o noso horario as circunstancias de 10:00-13:00. O centro permanece pechado os sábados, domingos e festivos tanto locais como autonómicos ou nacionais. A equipa do Centro de Día de Alzhéimer durante o ano 2020 estivo composta polas seguintes profesionais.

Dende unha perspectiva interdisciplinaria realizouse unha asistencia integral ás persoas usuarias do centro de acordo coas súas necesidades básicas, terapéuticas e psicosociais, contando coa participación activa dos seus familiares e promovendo o mantemento da autonomía persoal e a permanencia no seu contorno habitual buscando a mellora da calidade de vida da persoa e das persoas que conforman o seu entorno de coidados.

Ademais AGADEA, como xestora do Centro, promoveu e potenciou actuacións na cidade de A Estrada, como son as labores de información e asesoramento, sensibilización ou formación, entre outras. Aínda que estas actividades se viron reducidas considerablemente dende o mes de marzo.

Ámbito de intervención

O ámbito de intervención do Centro de Día céntrase no Concello de A Estrada.
Durante o ano 2020 o Centro prestou servizo a un total de **22 persoas usuarias**.
Durante o ano 2020 producíronse **14 altas e 7 baixas**. Os principais motivos de baixa foron principalmente non desexan acudir ao centro por medo ao contaxio de COVID-19, aínda que tamén houbo outros motivos como:

- Éxitus.
- Cambio de recurso a Centro Residencial.
- Renuncia voluntaria por agravamento do estado de saúde.

Destacar en canto ao perfil das persoas usuarias do centro, é que, dado o carácter municipal do centro, o acceso ao mesmo realízase de xeito privado, non sendo necesario o recoñecemento da situación de dependencia. A pesar desta situación, as persoas usuarias durante o ano 2020 foron persoas dependentes.
Se atendemos ao xénero das persoas usuarias, durante o 2020 a maioría dos/as usuarios/as foron mulleres con un 68,18% da ocupación. Mentres que os homes representarían o 31,82% da ocupación.
No que respecta ao grado de dependencia adxudicado polos órganos de valoración da Xunta de Galicia, como xa se comentou arriba, non é requisito para acceder ao centro. Un 63,64% non posuían ningún grao; un 13,64% presentou un grado III; un 13,64% presentou un grado II; e un 9,09% das persoas usuarias posuían un grao I.

DURANTE O 2020

22 persoas usuarias

ACTIVIDADES EXTRAORDINARIAS

Celebración do Entroido

Visita do IES de Valga

Taller de costura en San Valentín

Taller de cociña – Elaboración de galletas

Visita dos nenos e nenas da Escola Municipal Infantil da Estrada

Taller de cociña – Elaboración de doces de nadal

Taller de xabóns naturais.

5.3 Centro de día Salgueiriños de Santiago de Compostela

Dende o 01 de febreiro do ano 2021 AGADEA (Asociación Galega para a Axuda dos Enfermos con Demencia tipo Alzhéimer) xestiona o Centro de Día para persoas maiores de AGADEA (Salgueiriños de Abaixo Nº15B Baixo Santiago de C.), cun total de 26 prazas. O Centro ten un horario de 10:00 a 20:00, de luns a venres, a apertura do local é de 09:30 a 20:00 horas.

O 14 de outubro de 2020 outorgouse a autorización Sanitaria de funcionamento, así como a acreditación de inscrición no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios co número C-15-004336 por parte da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

Dita acreditación respalda a oferta asistencial realizada no Centro: fisioterapia, terapia ocupacional, podoloxía

Estas acreditacións consolidan e avalan a liña de traballo que AGADEA, a través do Centro de Día para persoas maiores dirixe ás persoas maiores con ou sen deterioro e ás súas familias.

Ademais AGADEA, como xestora do Centro, promoveu e potenciou actuacións na cidade de Santiago de C., como son as labores de información e asesoramento, sensibilización ou formación, entre outras.

Ámbito de intervención. O ámbito de intervención do Centro de Día céntrase no Concello de Santiago de C e arredores.

Durante o 2020
27 persoas usuarias

Durante o ano 2020 producíronse 27 altas e 14 baixas. Os principais motivos de baixa foron: exitus, cambios de recurso a Centro Residencial ou SAF e renuncia voluntaria por agravamento do estado de saúde o por mor da situación provocada pola Covid 19.

No ano 2020 a maioría dos usuarios e usuarias do Centro de día procederon do Concello de Santiago, seguidos dos concellos limítrofes como son o concello de Teo e Vedra.

Se atendemos ao xénero dos usuarios e usuarias, durante o 2020 a maioría dos/as usuarios/as foron mulleres con un 70,37% da ocupación. Mentres que os homes representarían o 29,63% da ocupación.

O equipo do Centro de Día de Salgueiriños estivo formado no ano 2020 por:

Coordinadora - Traballadora Social
Lucia Viqueira Fandiño, nº colexiada: 2196

- Terapeuta Ocupacional
  Alba García Fariña, nº Colexiada: G-130
- Logopeda
  Sara Trillo Díaz, nº colexiada: 15/0659
- Persoal xerocultor

Dende a apertura do Centro de Día ata o peche polas restricións por mor da Covid-19 contábase cos servicios externos de podoloxía (Clínica Pombal 26) e fisioterapia (Fisioterapia Atlas). No servizo de podoloxía beneficiáronse **seis persoas usuarias** sendo as intervencións, mensuais, bimensuais e trimestrais. En canto ao **servizo de fisioterapia foron tres persoas usuarias** as que desfrutaron deste servizo e as intervencións foros dunha sesión, de dúas e catro mensuais. A frecuencia de intervencións son a criterio da familia.

O Centro de Día de Salgueiriños, situado en Santiago de Compostela, actualmente conta con 12 persoas usuarias con demencia, todas elas dende un estadio moderado GDS-5 ata un estadio grave GDS-7.

Tras as restricións por mor da Covid – 19 no protocolo da Xunta de Galicia os grupos organizase por grupos conviventes sendo o Grupo 1 as persoas usuarias que asisten ao centro en media xornada de mañá e xornada completa e o Grupo 2 as persoas usuarias que asisten en media xornada de tarde.

A continuación, dende terapia ocupacional e logopedia expóñese os programas e terapias que se realizaron ao longo de 2020 en concordancia cos obxectivos xerais e específicos descritos anteriormente. E os programas levados a cabo divídense en:

1. Programa de estimulación cognitiva
2. Programa de estimulación física
3. Programa das actividades básicas da vida diaria (ABVD)
4. Actividades lúdicas, socializadoras e manipulativas

1. Programa de estimulación cognitiva

O obxectivo xeral deste programa é incrementar e/ou manter o rendemento cognitivo e funcional da persoa usuaria. Para a consecución dos obxectivos foméntanse as capacidades como a memoria, orientación espazo – temporal e persoal, capacidade visoespacial, linguaxe oral e escrito, funcións executivas, praxias e gnosias.

As principais técnicas son:

1.1. Terapia de orientación á realidade

1.2. Terapia de reminiscencia

1.1-. Terapia de Orientación á Realidade

A Terapia de Orientación á Realidade en adiante (TOR), proporciona á persoa usuaria unha comprensión sobre o mundo que a rodea para mellorar a calidade de vida das persoas maiores en estados de confusión.

Aplicación: Sesións monotemáticas e integradas en programacións de estimulación cognitiva e adaptadas ao deterioro da persoa usuaria.

Aplícase estimulación básica que trata de repetir informacións actuais e trabállase material de orientación a nivel básico e existen tres tipos de orientación:

- Orientación temporal: como o día, mes, ano, estacións e festividades.
- Orientación espacial: localización actual e/ou poboación.
- Orientación persoal: nome, lugar de nacemento, nomes familiares, profesión ou estudos.

Material: O Calendario

As actividades lúdicas están relacionadas coa orientación temporal como as festividades do entroido, nadal e fin de ano, e a continuación móstranse exemplos:

1.2. Terapia de Reminiscencia

A terapia de reminiscencia pretende estimular procesos amnésicos e os recordos preservados, reforzar a identidade persoal e a autoestima, proporcionar soporte relacional e emocional na tarefa evolutiva de reconstruír significativamente o seu pasado e favorecer as relacións interpersoais e a integración social.

Aplicación: sesións integradas nas programacións de estimulación cognitiva.

Actividades: A través das actividades de música da época, imaxes do lugar de nacemento das persoas usuarias, documentais da historia de Santiago de Compostela, oficios desempeñados polos usuarios e ferramentas utilizadas, entre outros.

2. Programa de Estimulación Física

O obxectivo é a práctica de actividades físicas destinadas a manter ou mellorar a saúde física e mental das persoas usuarias, así como previr o declive funcional.

A sesión realizase dúas veces ao día en horario de 11:00 a 11:30 e 16:15 a 17:00 en intervención grupal e individual.

As actividades que se desenvolven no Centro de Día son:

- Xerontoximnasia adaptada as persoas usuarias.
- Actividades de psicomotricidade.
- Deambulación.
- Mobilizacións pasivas.
- Dinámicas grupais.

3. Programa das actividades básicas da vida diaria (ABVD)

O obxectivo deste programa é de carácter transversal a tódalas actividades e terapias nas que se desenvolven no Centro de Día, pretende fomentar o mantemento e reforzamento na autonomía e independencia nas ABVD que estén relacionadas coa rutina propia do centro. As medidas de promoción, prevención e atención das actividades básicas das persoas usuarias que desenvolvesen durante a súa estancia no centro, que son as seguintes:

Hixiene, aseo e coidado persoal, mobilidade funcional, vestido, control de esfínteres, alimentación e hidratación. Durante o ano 2020 o Centro de Día de Salgueiriños conta có servizo de Catering Barrigola S.L.

Vaso con escotadura

Vaso Novo Cup

Prato compartimentado

4. Actividades lúdicas, socializadoras e manipulativas

A medida que avanza a enfermidade máis beneficiosa é a risa, a compañía, a socialización e desfrutar dos bos momentos, así como, favorece a concentración, a autoestima e a autonomía, diminúe o estrés e a ansiedade, facilita a comunicación e as habilidades da linguaxe e facilita a interacción social. Por iso, no Centro de Día de Salgueiriños programáronse diferentes actividades lúdicas, socializadoras e manipulativas.

Aplicación: a través da estimulación cognitiva individual e grupal.

A actividades que se fixeron foron:

- Laborterapia: técnica do puntillismo, decoración das estacións do ano, manualidades de San Valentín, decoración polo día do cancro, decoración do nadal, fin de ano...

- Coloquio do día da muller 8 de marzo (8M): a continuación móstrase fotos de ese día, na que foi un éxito a actividade, onde debatiron sobre como foi as súas vivenzas cando asistían ao colexio ou ao instituto.

Talleres de cociña: Actividade de gran éxito e que gústalle moito ás persoas usuarias xa que é unha actividade significativa nas súas vidas. No Centro houbo varías ocasións nas que fixemos diferentes postres como se pode observar a continuación:

- Preparación das filloas polo entroido:

- Preparación de Mousse de xelatina de amorodo:

VI SERVIZO DE TRANSPORTE

Para aquelas persoas que o precisen, a Asociación conta cun servizo de transporte. O servizo recolle os/as usuarios/as no seu domicilio e os leva aos servizos onde se realizan os Servizos de Estimulación Cognitiva e viceversa. O transporte fai catro servizos ao día: maña, mediodía, tarde e noite, en Santiago de Compostela, en A Estrada só fai o da tarde e o da noite.

Poboación á que vai dirixido. Vai dirixido os/as usuarios/as de AGADEA, que soliciten dito servizo e que vivan no núcleo urbano de Santiago e Ribeira segundo corresponda.

Obxectivos. Entre os obxetivos está facilitar a mobilidade dos/as usuarios/as do domicilio ao Centro e á inversa, favorecer un transporte ás persoas con mobilidade reducida ou limitada, proporcionar á familia un servizo de axuda nos coidados na recollida e na volta ós domicilios das persoas usuarias compatibilizando a asistencia ós centros coa vida diaria dos seus coidadores.

Número de usuarios		
Santiago	Ribeira	A Estrada
Ensanche (3 persoas)	39 persoas	16 persoas
Salgueiriños (8 persoas) Centro de día (8 persoas)		

FURGONETAS AGADEA		
CENTRO	MARCA Y MODELO	MATRÍCULA
RIBEIRA	Nissan - NV400	8760 KGG
RIBEIRA	Fiat - Ducato	5998 HHZ
SANTIAGO	Nissan - Primastar	9092 GYM
A ESTRADA	Nissan - NV400	6561 KCZ

Profesionais implicados. As profesionais que realizan o servizo de Transporte son as xerocultoras. Durante o servizo sempre van dúas persoas encargadas, unha profesional do centro é a encargada de conducir e outra persoa co obxectivo de axudar aos usuarios/as á hora de subir ou baixar do transporte así como de acompañalos/as e velar polo seu benestar durante o traxecto. Tamén soese contar con persoas voluntarias ou en período de prácticas.

VII. SERVIZO DE INTERVENCIÓN CON FAMILIARES

Este servizo vai dirixido á poboación en xeral, as familias das persoas usurias de AGADEA e a todos os socias e socios da entidade

7.1 PROGRAMA DE INFORMACIÓN, VALORACIÓN, SEGUEMENTO E ORIENTACIÓN

Este servizo vai dirixido á poboación en xeral, as familias das persoas usurias de AGADEA e a todos os socias e socios da entidade

En horario de 09.00h a 14.00h e de 16.00h a 20.00h (luns, martes e xoves), de 08.00h a 20.00h (mércores) e de 08.00h a 16.00h (venres) as Traballadoras Sociais da entidade atende nas oficinas da Asociación a todas aquelas persoas que así o soliciten, tanto se o fan acudindo en persoa, como por teléfono nos número 981 595 738 ou 647 589 725..

O primeiro paso deste programa é analizar a situación da posible persoa usuaria e do seu familiar con demencia. A traballadora social é a encargada de realizar a acollida e esta primeira entrevista.

Posteriormente proporcionase información básica sobre a enfermidade de Alzheimer ou outras demencias e sobre os recursos socio-sanitarios existentes tanto a nivel público como privado e facendo fincapé nos propios da Asociación. Son varias as intervencións que se poden derivar desta entrevista inicial: atención psicolóxica individualizada ou grupal para o coidador, cursos de formación para coidadores sobre aspectos específicos da enfermidade e os coidados, asesoramento Xurídico e ingreso nas unidades terapéuticas...

7.2 ASESORAMENTO XURÍDICO

AGADEA ten dende fai varios anos un convenio de colaboración cunha avogada que de xeito gratuíto, asesora e resolve dúbidas respecto aos trámites para solicitar a incapacitación legal, as dereitos e as obrigas que implica o nomeamento como titor ou curador, etcétera. As consultas poden realizarse por teléfono ou concertar unha entrevista persoal en xornada de tarde.

Poboación a que vai dirixido. Este servizo vai dirixido aos familiares dos/as usuarios/as de AGADEA e a todos os socios/as da mesma e neste ano prestou servizo a 9 persoas.

O 90% das consultas foron respecto á procedencia ou no da incapacitación xudicial dun proxenitor con Alzheimer ou outra demencia. As cuestións a resolver foron, entre outras, as seguintes: Cando iniciar o trámite?, Onde facelo?, Canto dura o proceso? Diferencias segundo o grao de incapacidade. Consecuencias e Vantaxes.

7.3 PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA

A atención ás persoas con enfermidade de Alzheimer ou outras demencias ten un impacto significativo no benestar e na calidade de vida dos coidadores familiares, afectando a súa saúde física e mental e tendo así mesmo repercusións a nivel social, familiar e profesional. En AGADEA considérase fundamental a figura do/a coidador/a, motivo polo cal se poñen en marcha distintas iniciativas que teñen como destinatarios/as principais os/as coidadores/as de persoas con demencia tipo Alzheimer ou outras.

a) Atención psicolóxica

Trátase de prestar atención psicolóxica a través de accións de acompañamento personalizado e continuado do familiar que realiza a tarefa de coidador/a principal durante o proceso de evolución da enfermidade. A intervención psicolóxica busca colaborar co familiar na diminución das múltiples alteracións que sofre no seu estado de ánimo debidas aos continuos coidados que realiza (ansiedade, depresión, angustia, soidade...) O programa desenvólvese nas instalacións da asociación.

b) Grupo de Axuda Mutua

Outra das iniciativas orientada a mellorar a calidade de vida das persoa coidadoras son os Grupos de Axuda Mutua (GAM). Durante o 2020 levouse a cabo no concello de Arzúa, o último venres de cada mes, de 9 a 12 horas da mañá.

Obxectivos: dar aos coidadores familiares un espazo no que poidan intercambiar experiencias e emocións derivadas da súa situación de coidado, proporcionar información útil sobre o manexo da patoloxía e das situacións derivadas do coidado, fomentar as habilidades de afondamento, promover as relacións sociais e previr o illamento, mellorar a calidade de vida dos coidadores familiares.

Poboación a que vai dirixido: esta dirixido as familias dos usuarios/as de AGADEA e a todos/as os/as socios/as da mesma.

c) Escola de familias



Orientada os/as coidadores/as de persoas con demencia tipo Alzheimer ou outras. A Escola de Familias, dirixida pola psicóloga da asociación, busca aportar coñecementos útiles e aplicables na vida cotiá dos familiares que conviven cunha persoa afectada. As sesións están orientadas a abordar dous dos principais problemas que nos achegan os/as coidadores/as: os problemas de comunicación e o manexo dos trastornos de conduta.

Temporalización: en Santiago, todos os venres cada 15 días, entre as 18.15 e as 19.45 horas, no Centro Sociocultural do Ensanche e na Estrada os xoves aternos de 19.00 a 20.00 horas. Esta actividade tivo que ser paralizada dende o mes de marzo pola pandemia.

Avaliación. O número de participantes é de 8/10 na Estrada e de 5/6 en Santiago.

VIII SERVIZO DE FORMACIÓN

En España hai arredor de 800.000 persoas afectadas pola doenza de Alzhéimer. Estímase que en Galicia hai 63.000 posibles casos de demencia. Isto supón, polo tanto, un problema sanitario e social de gran importancia.

Na actualidade, a pesar dos avances, segue sendo unha enfermidade que non ten cura, pero podemos lograr que o enfermo estea ben atendido e teña unha mellor calidade de vida se dotamos aos coidadores/as, dos coñecementos necesarios para facer fronte da mellor maneira posible os coidados diarios.

Poboación á que vai dirixido.

Son destinatarios deste programa as familias dos/as usuarios/as de AGADEA, así como á poboación en xeral que estea interesada en recibir formación sobre o Alzhéimer e outras Demencias.

Obxectivos.

- Formar aos coidadores/as sobre todos os aspectos da enfermidade de Alzhéimer.
- Adquirir maior compresión e sensibilización ante a enfermidade por parte da poboación en xeral.

AGADEA particou nas XVIII Xornadas Interdisciplinares da Federación Alzhéimer Galicia, que tiveron lugar o pasado 17 de outubro, e que reuniron a máis de 180 persoas a través de Zoom. Nela puxemos de manifesto a adaptación levada a cabo nos nosos centros ante a situación de crise sanitaria ocasionada polo coronavirus. AGADEA puxo en valor a atención prestada nos domilicios no confinamento que aportou seguridade e evitou o deterioro da calidade de vida dos usuarios

IX PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN e COMUNICACIÓN

Dende AGADEA buscamos participar activamente na sociedade ademais de informala sobre o noso colectivo. Comezamos a ano cunha chea de proxectos que foron truncados pola pandemia. Aínda así, e nos primeiros meses do ano logramos realizar varios actos de sensibilización logrando unha gran participación da sociedade civil. Entre eles a *Milla Solidaria Heroínas de Sálvora* no Porto de Aguiño e *Andaina Solidaria en Boiro*.



Concerto. A Real Filharmonía de Galicia ofreceu no noso favor. Baixo o título de 'Romeo e Xulieta' de Prokófiev logrou concitar no Auditorio de Galicia a centos de persoas, que disfrutaron dunha xornada de música en familia. Posteriormente todos os actos tiveron ser virtuais.

Andainas. AGADEA superou con éxito o reto virtual de sumar quilómetros polo Alzhéimer ata alcanzar os 154,79 km percorridos, Entre familias con bebés, grupos de amigos/as, usuarias do Centro de día ou e membros do Clube Sachacamiños. Cada un deles mandou unha foto co seu nome e os quilómetros da súa ruta. Todos os esforzos sumaron nestes #QuilómetrosPoloAlzhéimer, tanto os que fixeron uns mentros como varios quilómetros. Mentres que na Estrada logramos un total de 141 quilómetros.

No Día Mundial do Alzhéimer AGADEA homenaxeouse á chamada *xeración silenciosa* coa campaña #TodaUnhaVida na que se recompilaron fotos antigas das persoas usuarias que foron publicadas nas nosa redes. Resultou unha campaña emotiva e valorada moi positivamente polas familias.

.

CAMPAÑAS

Campaña de Nadal

Durante varias semanas as persoas usuarias dos Servizos de Estimulación Terapéutica e dos Centros de día realizaron decoracións de Nadal, dentro dos seus talleres de Laborterapia. Estes detalles foron entregados aos comercios locais de 5 concellos galegos nos que Agadea ten presenza, Santiago, Ribeira, Teo, A Estrada e Vedra, colocaron nos seus escaparates as manualidades realizadas por usuarios da entidade.

A través da Laborterapia conséguense distintos obxectivos, tanto a nivel físico como funcional xa que se estimulan aspectos como a mobilidade e a atención, a orientación e a memoria. Os comercios locais que participan nesta iniciativa de sensibilización recibiron gratuitamente estrelas e guirnaldas de Nadal. Tame

Tamén recibou o agasallo o CHUS como mostra de Agradecemento pola labor dos sanitários durante a pandemia

Nova web:

AGADEA revova a súa imaxe comunicativa cunha nova páxina web, moito máis funcional e estética, na que busca adaptarse ás cambiantes realidades comunicativas. Está dirixida a aquela persoa que se achega por primeira vez á entidade buscando actividades de prevención do alzhéimer e envellecemento activo ou tras un diagnose de demencia.

Tamén ás familias usuarias que demandan información de horarios, actividades, excursións… Por último, busca sensibilizar á sociedade cun apartado concreto sobre eventos.

Neste proceso de renovación incluíronse dous novos apartados: unha aula virtual para a organización de cursos online e unha pasarela virtual que facilita a participación en andainas, a xesión do voluntariado, de doacións…

Exposición

A artista Beatriz S. Saá expuxo na Igrexa da Universidade Rostros de ausencia. A acción completouse cun coloquio no que participou a presidenta Isabel Gey quen fixo un repaso polas repercusións da pandemia entre as persoas con demencia. Na súa ponencia explicou que, en xeral, hai unha mingua da súa calidade de vida, dificultade para entender a situación e cambio do coidador principal, entre otros.

Destacou a boa acollida das accións de apoio, como o seguimento telefónico durante o confinamento, a estimulación cognitiva no domicilio e o apoio psicolóxico ás familias.

Publicacións en Medios de Comunicación:

MEDIOS	NÚMERO DE NOVAS
TVG	3
Medios dixitais	20
La Voz de Galicia	24
El Correo Gallego	15
Faro de Vigo	5
Emisoras de radio	11
Outros	4

Páxina web (20 xullo cando se estrea nova web ao 31 de decembro) *Datos Google Analitys	**Número de visitas á páxina** **7.355**	**Usuarios** **1.505**
Total de Noticias 82 noticias	**Notas de prensa** 10 notas	**Impresións** 14



REDES SOCIAIS	1/01/2020	31/12/2020	Incremento
FACEBOOK	2943 seguidores	3247 seguidores	304 seguidores máis
TWITTER	601 seguidores	650 seguidores	51 seguidores máis

Posts más vistos do 2020

Publicación do 10/04/2020 sobre o **Día Internacional de Muller** cun alcance de 12.000 persoas

Publicación do 6/03/2020 do **Agadea ao Voso lado** cun alcance de 5333 persoas.





ANÁLISE SEGUIDORES.

O 80 por cento dos seguridores da rede FACEBOOK son mullers e un 19% son homes.

A gran maioría son de Santiago de Compostela (541) seguido de cerca por Ribeira (452). En canto a países destaca España con 2880 pero tamén temos de Arxentina (54), Estados Unidos (33) e mesmo Belxica (5).

País	Tus seguidores
España	2880
Argentina	54
Brasil	42
México	38
Perú	36
Estados Unidos de Am...	33
Portugal	31
Colombia	21
Reino Unido	17
Chile	15
Venezuela	12
Francia	10
República Dominicana	6
Bélgica	5

Ciudad	Tus seguidores
Santiago de Compostela	541
Riveira	452
La Coruña	145
La Estrada	129
Boiro	73
Vigo	69
Madrid	67
Amés	61
Pontevedra	61
Rianjo	54
Son	49
Teo	48
Orense	46
Puebla del Caramiñal	43

Idioma	Tus seguidores
Español (España)	1944
Español	944
Gallego	179
Inglés (EE.UU.)	53
Portugués (Portugal)	37
Portugués (Brasil)	36
Inglés (Reino Unido)	28
Francés (Francia)	20
Catalán	8
Italiano	6
Chino Simplificado (Chi...	4
Húngaro	2
Holandés	2
Rumano	1

RECORTES DE PRENSA


La Voz de Galicia

BARBANZA

«Non respiramos, son 24 horas 700 días ao ano, porque aquí o tempo multiplícase»

La madre de Lolita Pérez sufre demencia y es usuaria del centro de día, ahora cerrado

Acaba de cumplir 90 años y, desde hace cuatro, Leonor Martínez es una fiel usuaria del centro de día de Ribeira. Allí la cuidan, la miman y tratan de frenar el deterioro que, a nivel físico y cognitivo, provocan la edad y una demencia que todavía le permite tener periodos de lucidez. Para ella y su familia, el cierre de este servicio provocado por la crisis sanitaria está siendo como una pesada losada que cada vez se hace más difícil de llevar.

A la hija que se encargaba de su cuidado, Lolita Pérez, la

La Voz de Galicia

RECÍBELAS EN CASA ¡TOTALMENTE GRATIS!

SANTIAGO

Agadea inicia en su centro del Ensanche terapias individuales y las mantiene en domicilios

Les atenderán en dos sesiones semanales, de hora y media

El centro del Ensanche de la asociación de ayuda a enfermos con demencia y sus familias (Agadea) reinicia hoy su actividad con la oferta de terapias

La Voz de Galicia

DEZA

El confinamiento aumentó el deterioro físico y mental de mayores con demencia

La reincorporación a los centros de día se realiza con numerosos cambios para la asistencia y sin entrada de familiares

Personas mayores que antes se movían sin necesidad de apoyos, después del confinamiento precisan silla de ruedas para los desplazamientos más largos; otras han perdido capacidad de orientación y ahora no saben el día que es o donde están, y tienen además más problemas de memoria y no reconocen a familiares o al personal del centro de día con quienes estaban en ocasiones desde hace años. Esos son algunas **muestras del deterioro**

Ribeiro
DENOMINACIÓN DE ORIGE

FARO DE VIGO

Noticias de A Estrada

Agadea Alzhéimer crea una red de apoyo a las familias de los usuarios de sus dos centros en A Estrada

Les brinda atención psicológica y les facilita materiales de estimulación cognitiva "onli y a domicilio

S.P. | A Estrada | 07.04.2020 | 01:00


COPE

Santiago Inicio Noticias Audios Frecuencias y contacto

Abre un centro de día para mayores con demencias

La Voz de Galicia

SANTIAGO

Agadea abrirá 11 horas su centro de día para personas mayores

Gran acogida de la Andaina Virtual Camiños da Memoria a favor de A

La Voz de Galicia

SOCIEDAD

Los expertos alertan del deterioro grave en pacientes con demencias

La suspensión en la atención provocó retrocesos en miles de enfermos


La Voz de Galicia

BARBANZA

Os Camiños da Memoria tendrán este año un recorrido virtual

La iniciativa está organizada por la asociación Agadea

La Voz de Galicia

La crueldad de la enfermedad del alzhéimer consigue vencer el miedo de las familias al covid

La asociación compostelana Agadea y otras entidades de ayuda al colectivo de afectados buscan mejores soluciones

Varias familias se han acercado estos días a la sede de la asociación compostelana Agadea, de ayuda al colectivo de personas afectadas de alzhéimer y otras demencias, para pedir la valoración de mayores que llevan meses en sus domicilios, y ver la posibilidad de que se integren en las propuestas que ofrecen en sus centros de Salgueiriños y del Ensanche. Esas personas llevan en

FORD HYBRID

X. VOLUNTARIADO

En AGADEA consideramos básica a implicación do tecido social na problemática das persoas que sofren Alzhéimer e as súas familias.

O Programa de Voluntariado de AGADEA céntrase, por unha banda, en visitas de acompañamento e estimulación a enfermos de Alzhéimer ou outras demencias.

Estas visitas realizáronse semanalmente, por parellas, e resultaron moi gratificantes para a persoa, que realiza actividades novas e estimulantes, e para o/a coidador/a supuxeron un respiro e un apoio, ademais do reforzo de que outras persoas tamén participen do seu problema.

Así mesmo, os/as voluntarios/as tamén colaboraron cos psicólogos e as auxiliares nos Servizos de Estimulación Terapéutica, e nas actividades de difusión e divulgación de AGADEA.

Os/as voluntarios/as previamente reciben unha formación específica por parte de AGADEA, tanto sobre o que implica ser voluntario, os seus dereitos e obrigas, como sobre as demencias e as pautas axeitadas de comunicación e estimulación cognitiva.

O programa de voluntariado abarca tanto a area de Santiago de Compostela como do Concello de A Estrada e de Ribeira, xa que voluntarios desa zona desempeñan as súa labor no Centro de día de Alzheimer de Ribeira que AGADEA xestiona nese municipio e no servizo de estimulación terapéutica.

En canto ao perfil dos voluntarios, é maioritariamente de sexo feminino, nun rango de idade comprendido entre os 18 e os 30 anos. Segundo a profesión dos mesmos, os que traballan, xunto cos xubilados e os estudantes, son os voluntarios que máis colaboran. Por estudos, sobresaen as persoas que teñen estudos universitarios.

Número de voluntarios

15 persoas

XI AXUDAS OBTIDAS POR ENTIDADES E OUTROS ORGANISMOS

Durante o ano 2018 AGADEA recibiu diferentes axudas de diferentes organismos tanto a nivel estatal, autonómico como municipal. Tamén recibiu apoio por parte doutras entidades. A continuación facemos un resumo no seguinte cadro:

Ministerio de Sanidade	Atención sociosanitaria CD Envellecemento Activo Utilización de tecnoloxías, productos o servicios Persoas coidadoras Adquisición equipamento CD Deterioro Cognitivo
Consellería de Economía, Emprego e Industria	Programas de cooperación - Garantía xuvenil
Deputación da Coruña	FOIE: Obras.
Deputación da Coruña	FOAXE: Mentemento centro de día Ribeira
Fundación Amigo (Ginebra)	Doazón entidade
Concello de A Estrada	Servizo de estimulación terapéutica A Estrada
Concello de Santiago de C.	Envellecemento Activo

COLABORADORES nas actividades de AGADEA

DIRECCIÓNS

SEDE de Agadea Alzhéimer

Rúa de Salgueiriños de Abaixo, 15. 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

981 59 57 38 / 647 589 725

agadea@agadea.org

Servizo de Estimulación Terapéutica do Ensanche

Rúa Diego de Muros, 11. 15701 Santiago de Compostela (A Coruña)

T. 647 507 053

ensancheagadea@gmail.com

Servizo de Estimulación Terapéutica Salgueiriños

Rúa Manuel María, 6. Casa das Asociacións. (CABES) 1º planta.

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

T. 637 769 209

salgueirinos@agadea@gmail.com

....

Centro de día Salgueiriños

Rúa de Salgueiriños de Abaixo, 15. 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

T. 722 742 947

cdiasalgueirinos@agadea.org

Centro de Día Alzhéimer de Ribeira

Rúa CardenalCisneros, 1 (entreplanta)

15960 Ribeira (A Coruña)

T. 981 87 29 13 / 672 705 053

cdiaribeira@xuntal.gal

Servizo de Estimulación Terapéutica de Ribeira

Avenida Malecón, 22

15960 Ribeira (A Coruña)

T. 981 87 29 13

Centro de Día de Alzhéimer A Estrada

Edificio do Novo Mercado. Planta Primeira

36680 A Estrada (Pontevedra)

T. 651981863

cdiaaestrada@agadea.org

Centro Terapéutico de A Estrada

Edificio do Novo Mercado. Planta Primeira

36680 A Estrada (Pontevedra)

T. 651 981 863

Centro Terapéutico de Vedra

Centro Sociocultural. Av. Mestre Manuel Gómez Lorenzo, 41 O Burgo

15885 Vedra (A Coruña)

T. 693 937 825

agadea@agadea.org

Servizo de Estimulación Terapéutica de Teo

Casa Común de Cacheiras

T. 647589725

agadea@agadea.org

Servizo de Estimulación de Boiro

Baixo de Centro de día de Boiro
Rúa Espadañal
T. 672 705 053

Agadea Alzhéimer

www.agadea.org

Santiago de Compostela

2020